



VAL ANTROIDO 2018

Concello de Val do Dubra
naturalmente



BASES

O sábado, día 10 e o martes 13 de febreiro de 2018, terá lugar o desfile de comparsas, parellas e individual do Antroido, no que poderán participar libremente todas aquelas persoas que o desexen; outorgaranse os premios de acordo coas seguintes categorías:

PREMIOS COMPARSAS SÁBADO 10

1º PREMIO: 300 €

2º PREMIO: 200 €

3º PREMIO: 100 €

PREMIO A MELLOR PARELLA 50 €

PREMIO AO MELLOR DISFRAZ INDIVIDUAL 50 €

NORMAS DE PARTICIPACIÓN:

1. A participación queda aberta a todas as asociacións, barrios, comunidades, colexios e persoas que o desexen.
2. Os/as participantes farán a súa inscrición e confirmación que deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello de Val do Dubra, ata o día 09 de febreiro ás 14:00 horas.
3. Entenderase por comparsa a agrupación de máscaras ou disfraces e complementos dun número igual ou superior a 5 persoas.
4. As comparsas deberán gardar unha unidade temática tanto no vestiario coma na súa actuación.
5. Os criterios de valoración basearanse na orixinalidade, elaboración e acabados, adaptación e interpretación da temática escollida...
6. O itinerario do desfile é libre e comezará ás 18:00 h., diante do Concello, sita na rúa Arcai, rematando no pavillón polideportivo, onde desfilarán diante do xurado e a continuación faráse público o resultado do concurso e farase entrega dos premios.
- 7. O xurado estara formado por un compoñente de cada comparsa (Non podendo puntuar a súa comparsa)
PUNTUARASE DE 1 A 5 PUNTOS**
8. A decisión do xurado é inapelable.
9. Toda comparsa, parella ou individual que non acate as ordes da organización será descalificada e non optará aos premios.
10. A orde do desfile rexerese segundo a data de inscrición.
11. O Concello de Val do Dubra non se fai responsable dos danos morais ou materiais que, a sí mesmos ou a terceiros, ocasionen os/as participantes deste desfile de Entroido 2018. Queda prohibido meter maquinas ou aparellos NO RECINTO que raien a pista de xogo.
12. A participación no concurso supón a aceptación destas bases.

CONCELLARÍA DE CULTURA